

ACORDO PERSOAL FUNCIONARIO SPIF

O día 1 de febreiro celebrouse unha nova xuntanza entre a Consellería de Medio Rural e as Organizacións sindicais sobre o futuro acordo de persoal funcionario do SPIF.

Oferta inicial Administración	O que propoñíamos	O que aceptou a Administración
<p>Carteleiras - Opción A:</p> <p>Período ordinario (8 meses): época de perigo baixo 7 horas nas quendas de mañá, tarde e 10 horas nas quendas de noite. Os fins de semana as quendas serían de 12 horas (8 quendas nocturnas cada 6 semanas).</p> <p>Período extraordinario (4 meses): 12 horas en quendas de mañá e tarde e 10 horas na da noite.</p> <p>Ámbalas dúas con descansos de 48 horas semanais <u>con prolongacións de xornada de 4 horas ata completar as 12 horas.</u></p>	<p>Un único período durante todo o ano con horarios en días alternos cada dúas semanas de 10 horas de duración coa seguinte secuencia (T-L-T-L-L-T-T/L-T-L-T-T-L-L).</p> <p>Que garanten estas quendas?</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libranza da metade dos domingos e festivos anuais. - Libranza de dous fins de semana completos ao mes. - Libranza de dous días naturais ininterrompidos á semana. - Sen prolongacións de xornada (agás nos lumes de nivel 2 que serán ata 12 horas). - Un único cuadrante para toda Galicia elaborado pola DXDM. - Cambios de quendas con autorización do órgano competente. - Remate e entrega aos traballadores das carteleiras anuais no mes de novembro de cada ano. - Compensación horas extraordinarias segundo a normativa vixente. 	<p>Un único período durante todo o ano con horarios en días alternos cada dúas semanas de 10 horas de duración coa seguinte secuencia (T-L-T-L-L-T-T/L-T-L-T-T-L-L).</p> <p>Que garanten estas quendas?</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libranza da metade dos domingos e festivos anuais. - Libranza de dous fins de semana completos ao mes. - Libranza de dous días naturais ininterrompidos á semana. - Sen prolongacións de xornada (agás nos lumes de nivel 2 que serán ata 12 horas). - Un único cuadrante para toda Galicia elaborado pola DXDM. - Cambios de quendas con autorización do órgano competente. - Remate e entrega aos traballadores das carteleiras anuais no mes de decembro de cada ano. - Compensación horas extraordinarias segundo a normativa vixente.
<p>Carteleiras - Opción B:</p> <p>Período ordinario (8 meses): época de perigo baixo 8 horas nas quendas de mañá, tarde e 10 horas nas quendas de noite. Os fins de semana as quendas serían de 10 horas (8 quendas nocturnas cada 6 semanas).</p> <p>Período extraordinario (4 meses): 10 horas en quendas de mañá e tarde e 10 horas na da noite.</p> <p>Ámbalas dúas con descansos de 48 horas semanais <u>con prolongacións de xornada de 2 horas ata completar as 12 horas.</u></p>	<p>Un único período durante todo o ano con horarios en días alternos cada dúas semanas de 10 horas de duración coa seguinte secuencia (T-L-T-L-L-T-T/L-T-L-T-T-L-L).</p> <p>Que garanten estas quendas?</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libranza da metade dos domingos e festivos anuais. - Libranza de dous fins de semana completos ao mes. - Libranza de dous días naturais ininterrompidos á semana. - Sen prolongacións de xornada (agás nos lumes de nivel 2 que serán ata 12 horas). - Un único cuadrante para toda Galicia elaborado pola DXDM. - Cambios de quendas con autorización do órgano competente. - Remate e entrega aos traballadores das carteleiras anuais no mes de novembro de cada ano. - Compensación horas extraordinarias segundo a normativa vixente. 	<p>Un único período durante todo o ano con horarios en días alternos cada dúas semanas de 10 horas de duración coa seguinte secuencia (T-L-T-L-L-T-T/L-T-L-T-T-L-L).</p> <p>Que garanten estas quendas?</p> <ul style="list-style-type: none"> - Libranza da metade dos domingos e festivos anuais. - Libranza de dous fins de semana completos ao mes. - Libranza de dous días naturais ininterrompidos á semana. - Sen prolongacións de xornada (agás nos lumes de nivel 2 que serán ata 12 horas). - Un único cuadrante para toda Galicia elaborado pola DXDM. - Cambios de quendas con autorización do órgano competente. - Remate e entrega aos traballadores das carteleiras anuais no mes de decembro de cada ano. - Compensación horas extraordinarias segundo a normativa vixente.

Prolongacións de xornada de 4 ou 2 horas	Sen prolongacións de xornada	Sen prolongacións de xornada
Festivos: 7 LF	8 LF (consideración de días festivos os días 24 e 31 de decembro)	8 LF (consideración de días festivos os días 24 e 31 de decembro)
Vacacións: sen especificar (15 días empresa, 15 días traballador – hábiles ou naturais: período ordinario/extraordinario), con exclusión do mes de agosto do período vacacional	22 días laborables a elección do traballador/a en calquera época do ano (xornadas de 10 horas) + 5 días laborables (por exceso de xornada)	22 días laborables a elección do traballador/a en calquera época do ano (xornadas de 10 horas) + 5 días laborables (por exceso de xornada)
Xornada máxima anual 1665 horas/ano	1550 horas/ano	1550 horas/ano
Compensación por traballo en domingos e festivos: “0” (suspendidos desde o ano 2012)	Compensación económica de tódolos domingos e festivos traballados actualizados ca Lei de Orzamentos a razón de 190 € grupo C1 e 170 € grupo C2 (cada dous domingos ou festivos) Abono ao longo de 3 exercicios - 2024: 60% - 2025: 80% - 2025: 100%	Compensación económica de tódolos domingos e festivos traballados actualizados coa Lei de Orzamentos a razón de 160 € grupo C1 e 140 € grupo C2 (cada dous domingos ou festivos) Abono ao longo de 3 exercicios: - 2024: 50% - 2025: 75% - 2025: 100%
Vixencia: 5 anos	3 anos (ata o 31 de decembro 2026)	3 anos (ata o 31 de decembro 2026)
Entrada en vigor:	Antes do 1 de abril de 2024	Antes do 1 de abril de 2024
Ámbito de aplicación:	<p>Todo o persoal que ocupe postos clasificados de funcionario (é dicir o persoal funcionario de carreira o persoal funcionario interino e o persoal laboral fixo, temporal ou indefinido non fixo que estea ocupando un posto de funcionario na RPT). Con esta redacción o persoal laboral tamén estaría incluído no ámbito de aplicación deste acordo a expensas de facer os axustes e modificacións normativas que procedan.</p> <p>En todo caso desde UGT, CSIF e CCOO solicitamos a Administración que unha vez asinado este acordo se inicien con carácter inmediato as negociacións, no ámbito que corresponda ao efecto de incluír o persoal fixo discontinuo.</p>	

Anexo I - Última proposta da Administración:



BORRADOR DO ACORDO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO SPIF

1.- Ámbito de aplicación

Este acordo aplicaselle a todo o persoal que ocupe postos clasificados de funcionario nas Relacións de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e que preste os seus servizos en réxime de quendas nos diferentes centros de traballo adscritos ao Dirección Xeral competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

Quedan excluídos deste acordo o persoal que ocupe postos da escala de Axentes Facultativos Ambientais, Axentes Forestais e o persoal técnico, toda vez que conta con regulación propia.

2.- Xornadas e quendas

A xornada de traballo do persoal será en cómputo anual, realizando o traballo en quendas rotatorias entre as 0 e as 24 horas.

As quendas de traballo, con carácter xeral serán de 7 días de traballo efectivo, **cada dúas semanas** coa seguinte secuencia rotatoria:

Luns-mércores-sábado-domingo

Martes-xoves-venres

A xornada de traballo establécese en quendas de 10 horas de prestación efectiva do servizo, sen prolongacións, salvo as reguladas no punto 5 **do presente acordo referidas a incendios de situación operativa 2. O persoal que preste servizo en quendas que comprendan integramente os períodos comprendidos entre as 13:00 e as 15:00 horas e entre as 21:00 e as 23:00 horas terán dereito a dispoñer dunha hora en cada un deses períodos para xantar ou cear, sempre e cando a xornada de traballo se inicie ou finalice unha hora antes ou despois dos mencionados períodos e no resulte desatendido o servizo. Para facilitar este dereito, procurarase establecer as quendas que proceda.**

As quendas de fin de semana realizaranse en fin de semana alternos.

Establecerase un cadrante único que será elaborado pola Dirección Xeral competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais e de obrigada aplicación na totalidade dos centros de traballo nos que se realice o traballo a quendas.

As persoas traballadoras non poderán realizar cambios de quendas, salvo autorización expresa do órgano competente.

A concreción das bandas horarias que se deban fixar en aplicación do presente acordo estudaranse no seo da comisión de seguimento regulada no punto 11 do presente acordo.

No seo de dita comisión, poderán proporse adaptacións concretas, distintas das bandas horarias que se establezan con carácter xeral, naqueles centros de traballo que polas súas especiais características ou condicións así o aconsellen.

O cuadrante único e as carteleiras por parte dos distintos centros deberán estar rematadas antes do mes de decembro de cada ano e darase conta das mesmas á comisión de seguimento.

3. Servizos máximos

O número máximo de xornadas de noite en cómputo anual será o resultante da aplicación das cláusulas deste acordo relativas á xornada de traballo, horario e quendas.

As quendas de prestación efectiva de servizos en día festivo non superarán o número de 8 ao ano por traballador/a.

Para estes efectos terán a consideración de festivos os días 24 e 31 de decembro. Non terá a consideración de quenda en día festivo aquela na que se presten tres ou menos horas en día sinalado como festivo.

O número máximo de quendas en fin de semana non poderá superar as 26 quendas de prestación efectiva do servizo.

Debe respectarse a xornada anual máxima que estableza a Xunta de Galicia para o persoal a quendas.

4. Descanso

Garántese que entre a finalización dunha xornada e o comezo da seguinte mediarán, como mínimo, doce horas.

Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo terá dereito a un descanso mínimo semanal de dous días ininterrompidos.

Para o persoal que traballe a quendas consideraranse hábiles os días nos que o/a traballador/a teña asignada unha quenda de traballo (quendas de mañá, tarde ou noite) nas táboas ou cadros horarios.

Establécese unha compensación con descanso, derivada do exceso de xornada anual, de 5 días de traballo efectivo, **que serán desfrutados por parte do persoal traballador de conformidade co punto décimo do presente acordo.**

5. Prolongacións da xornada

Se por necesidades de servizo é necesario prolongar a xornada de traballo en caso de incendios de **situación operativa 2 de conformidade co disposto no PLADIGA, os efectivos mobilizados para atender a dita situación**, seguirán prestando continuamente o servizo ata un máximo de 2 horas.

Cada hora prolongada compensarase con gratificacións por servizos extraordinarios, de acordo co establecido na normativa vixente.

6. Traballo en domingos ou festivos

Por cada grupo de dous domingos e/ou festivos efectivamente traballados terase dereito a unha compensación económica de **160 €** para o persoal que ocupe postos do subgrupo C1 ou B e **140€** para o persoal que ocupe postos do subgrupo C2.

Esta cantidade abonarase progresivamente ao longo dos tres próximos exercicios:

Ano 2024: **50%**

Ano 2025: **75 %**

Ano 2026: **100%**

Esta compensación reflectirase na nómina no concepto de complemento de produtividade.

Os importes indicados anteriormente actualizaranse segundo o que estableza nas Leis de Orzamentos.

7. Compensación por traballos en quendas nocturna

En tanto no se regula a percepción do complemento de nocturnidade, garántese que o persoal funcionario non terá unha retribución inferior que a que lle correspondería de ser persoal laboral do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Xunta de Galicia.

8. Casos especiais

As bandas horarias que se establezan para o persoal que ocupe postos de brigadas helitransportadas fixaranse en función do orto e do ocaso.

9. Superación de probas de aptitude nos procesos de acceso

Para poder ser nomeado persoal funcionario interino dos corpos e escalas vinculados ao Servizo de Prevención de Incendios Forestais o persoal debe superar as seguintes probas de aptitude física:

- Field Test, o persoal das escalas de :
 - B.F Xefe de Brigada.
 - B.F condutor de motobomba
 - Bombeiro Forestal
- Proba visual, o persoal da escala de:
 - Vixilante-emisorista

10. Vacacións anuais

O persoal que lle resulta de aplicación este acordo desfrutará as súas vacacións nos días de traballo efectivo. O disfrute das vacacións estará condicionado ás necesidades do Servizo. Poderán desfrutar as vacacións ao longo de calquera época do ano.

Como mínimo deben desfrutar de forma conxunta 7 días de traballo efectivo (dúas semanas consecutivas).

Os días adicionais de descanso por exceso de xornada previstos no artigo 4 deberán acumularse ás vacacións que correspondan a cada traballador.

11. Comisión de seguimento do acordo

Coa sinatura do presente acordo constituirase unha Comisión para o exame e resolución de cantas cuestións se deriven da interpretación, seguimento e aplicación do mesmo.

A Comisión estará integrada por dous membros titulares en representación de cada organización sindical asinante das que forman parte da mesa sectorial de funcionarios públicos e un igual número de membros por parte da Administración.

A comisión estará presidida pola persoa representante da Consellería de Medio Rural, e terá a condición de vogal un representante da Dirección Xeral con competencias en materia de Función Pública. Poderán asistir á Comisión por cada central sindical un/unha asesor/a con voz e sen voto.

Para o mellor funcionamento desta Comisión nomearase a unha persoa secretaria, que levantará e custodiará as actas das reunións á vez que canalizará a relación entrambas as dúas partes en cantos aspectos se deriven do funcionamento da mesma.

Nesta comisión abordaranse, entre outras as seguintes cuestións:

- a) Estudo e proposta de concreción das bandas horarias resultantes da aplicación do presente acordo de conformidade co punto 2.
- b) O estudo das carteleiras do persoal cando se produza unha descompensación entre elas coa finalidade de facer propostas e establecer criterios para que estas sexan homoxéneas e equilibradas, así como as adaptacións concretas, distintas das bandas horarias que se establezan con carácter xeral, en aqueles centros de traballo que polas súas características ou condicións así o aconsellen.
- c) Propostas para a realización dun plan anual de mellora de instalacións.
- d) Análise das posibles incidencias en vacacións e licencias que, como consecuencia da aplicación deste Acordo, puidesen afectar ao Servizo.
- e) Formular propostas en materia de formación e seguridade e elevalas aos órganos correspondentes para a súa aprobación.
- f) Estudo, análise e elaboración de propostas sobre mobilidade xeográfica que puidese necesitar o Servizo.
- g) Calquera outra cuestión relacionada co presente acordo.

11. Plan formativo

Elaborarase a proposta de Plan Formativo da Consellería par este persoal que será impartido pola EGAP ou AGASP ou homologada por estes. Este Plan deberá ser comunicado á comisión de seguimento antes do 31 de outubro de cada ano

12. Vixencia e duración do acordo

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá una vixencia de ata **o 31 de decembro de 2026 e prorrogarse anualmente, salvo denuncia deste**

por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de seis meses á data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

O acordo será negociado na Mesa Sectorial de Funcionarios e aprobado, de ser o caso, na Comisión Superior de Persoal.

Anexo II:

ALEGACIÓNS BORRADOR DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL QUE OCUPE POSTOS CLASIFICADOS DE FUNCIONARIO NO SPIF

1.- Ámbito de aplicación

Este acordo aplícaselle a todo o persoal que ocupe postos clasificados de funcionario nas Relacións de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e que preste os seus servizos en réxime de quendas nos diferentes centros de traballo adscritos ao Dirección Xeral competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais.

Quedan excluídos deste acordo o persoal que ocupe postos da escala de Axentes Facultativos Ambientais, Axentes Forestais e o persoal técnico, toda vez que conta con regulación propia.

2.- Xornadas e quendas

A xornada de traballo do persoal será en cómputo anual, realizando o traballo en quendas rotatorias entre as 0 e as 24 horas.

As quendas de traballo, con carácter xeral serán de 7 días de traballo efectivo **cada dúas semanas**, coa seguinte secuencia rotatoria:

Luns-mércores-sábado-domingo

Martes-xoves-venres

A xornada de traballo establécese en quendas de 10 horas de prestación efectiva do servizo, sen prolongacións **de xornada**, salvo as reguladas no punto 5 **do presente acordo referidas a incendios de situación operativa 2**. Tendo en conta que **coa implantación das novas quendas de 10 horas o persoal terá que realizar dentro da súa quenda de traballo algunha das comidas principais, as persoas traballadoras disporán dunha hora dentro da xornada para comer. Así mesmo, a Administración habilitará nas instalacións os medios necesarios para a realización das mesmas.**

As quendas de fin de semana realizaranse en fin de semana alternos.

Establecerase un cuadrante único que será elaborado pola Dirección Xeral competente en materia de prevención e extinción de incendios forestais e de obrigada aplicación na totalidade dos centros de traballo nos que se realice o traballo a quendas.

~~As persoas traballadoras non poderán realizar cambios de quendas, salvo autorización expresa do órgano competente~~ **as persoas traballadoras poderán realizar cambios de quendas con autorización expresa do órgano competente, sempre e cando se respecte o preceptuado nos dous primeiros apartados do punto 4.**

A concreción das bandas horarias que se establezan en aplicación do presente acordo estudaranse no seo da comisión de seguimento regulada no punto 11 do presente acordo, que elevará as súas conclusións a Mesa Sectorial de Funcionarios para a súa negociación e aprobación.

Transitoriamente, no seo de dita comisión, poderán proporse adaptacións concretas, distintas das bandas horarias que se establezan con carácter xeral, naqueles centros de traballo que polas súas especiais características ou condicións así o aconsellen.

As carteleiras por parte dos distintos centros deberán estar rematadas antes do mes de novembro de cada ano para que se podan facer as comprobacións e estudos oportunos por parte da Comisión.

3. Servizos máximos

O número máximo de xornadas de noite en cómputo anual será o resultante da aplicación das cláusulas deste acordo relativas á xornada de traballo, horario e quendas.

As quendas de prestación efectiva de servizos en día festivo non superarán o número de 8 ao ano por traballador/a.

Para estes efectos terán a consideración de festivos os días 24 e 31 de decembro. Non terá a consideración de quenda en día festivo aquela na que se presten tres ou menos horas en día sinalado como festivo.

O número máximo de quendas en fin de semana non poderá superar as ~~26~~ **24** quendas de prestación efectiva do servizo.

Debe respectarse a xornada anual máxima que estableza a Xunta de Galicia para o persoal a quendas, **que en todo caso non poderá superar ás 1.550 horas anuais resultantes da adaptación das xornadas e quendas establecidas no presente acordo.**

4. Descanso

Garántese que entre a finalización dunha xornada e o comezo da seguinte mediarán, como mínimo, doce horas.

Todo o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo terá dereito a un descanso mínimo semanal de dous días ininterrompidos.

Para o persoal que traballe a quendas **consideraranse** hábiles os días nos que o/a traballador/a teña asignada unha quenda de traballo (quendas de mañá, tarde ou noite) nas táboas ou cadros horarios.

Establécese unha compensación con descanso, derivada do exceso de xornada anual, de 5 días de traballo efectivo, **que serán desfrutados por parte do traballador de conformidade có punto décimo do presente acordo.**

5. Prolongacións da xornada

Se por necesidades de servizo é necesario prolongar a xornada de traballo en caso de incendios de situación operativa 2, **os efectivos mobilizados para atender a dita situación**, seguirá prestando continuamente o servizo ata un máximo de 2 horas, **para os medios asignados a ese/s lume/s.**

Cada hora prolongada compensarase con gratificacións por servizos extraordinarios, de acordo co establecido na normativa vixente.

6. Traballo en domingos ou festivos

Por cada grupo de dous domingos e/ou festivos efectivamente traballados terase dereito a unha compensación económica de 140€ **190€** para o persoal que ocupe postos do subgrupo C1 ou B e 120€ **170€** para o persoal que ocupe postos do subgrupo C2.

Esta cantidade abonarase progresivamente ao longo dos tres próximos exercicios **e terá efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2024:**

- Ano 2024: ~~25~~ **60** %
- Ano 2025: ~~50~~ **80** %
- Ano 2026: ~~100~~ **100** %

Esta compensación reflectirase na nómina no concepto de complemento de produtividade.

Os importes indicados anteriormente actualizaranse segundo o que estableza nas Leis de Orzamentos.

7. Compensación por traballos en quendas nocturna

En tanto no se regula la percepción del complemento de nocturnidade, garántese que o persoal funcionario non terá unha retribución inferior que a que lle correspondería de ser persoal laboral do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Xunta de Galicia.

8. Casos especiais

As bandas horarias que se establezan para ~~o horario de~~ o persoal que ocupe postos de brigadas helitransportadas fixarase ~~estar~~ en función do orto e do ocaso.

No período que non haxa helicóptero asignado, realizarán quendas alternas como o resto de persoal, agás as quendas nocturnas.

9. Superación de probas de aptitude nos procesos de acceso

Para poder ser nomeado persoal funcionario interino dos corpos e escalas vinculados ao Servicio de Prevención de Incendios Forestais o persoal debe superar as seguintes probas de aptitude física:

- Field Test, o persoal das escalas de :
 - B.F Xefe de Brigada.
 - B.F condutor de motobomba
 - Bombeiro Forestal
- Proba visual, o persoal da escala de:
 - Vixilante-emisorista

10. Vacacións anuais

O persoal **ao** que lle resulte de aplicación este acordo **terá dereito a unhas vacacións anuais retribuídas dunha duración de 22 días hábiles por ano completo de servizos, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizos efectivos durante o ano fose menor, que desfrutará nos días nos que teña asignada unha quenda de traballo efectivo.** O desfrute das vacacións estará condicionado ás necesidades do servizo **e a súa denegación deberá ser motivada e por escrito.** Poderán desfrutar as vacacións ao longo de calquera época do ano.

Como mínimo deben desfrutar de forma conxunta 7 días de traballo efectivo (dúas semanas consecutivas).

Non obstante, e sempre que as necesidades de servizo o permitan, poderase solicitar o gozo independente de ata seis días hábiles por ano natural.

O persoal acollido a este acordo desfrutará dun descanso adicional de 5 días de traballo efectivo, en compensación polo exceso de xornada realizada. Este descanso desfrutárase a petición das persoas interesadas sendo acumulables ás vacacións reguladas no primeiro parágrafo deste artigo.

11. Comisión de seguimento do acordo

Coa sinatura do presente acordo constituirase unha Comisión para o exame e resolución de cantas cuestións se deriven da interpretación, seguimento e aplicación do mesmo.

A Comisión estará integrada por dous membros titulares en representación de cada organización sindical asinante das que forman parte da mesa sectorial de funcionarios públicos e un igual número de membros por parte da Administración.

A comisión estará presidida pola persoa representante da Consellería de Medio Rural, e terá a condición de vogal un representante da Dirección Xeral con competencias en materia de Función Pública. Poderán asistir á Comisión por cada central sindical un/unha asesor/a con voz e sen voto.

Para o mellor funcionamento desta Comisión nomearase a unha persoa secretaria, que levantará e custodiará as actas das reunións á vez que canalizará a relación entrambas as dúas partes en cantos aspectos se deriven do funcionamento da mesma.

Nesta comisión abordaranse, entre outras as seguintes cuestións:

- a) Estudo e proposta de concreción das bandas horarias resultantes da aplicación do presente acordo de conformidade **cos puntos 2 e 8 do presente acordo.**
- b) O estudo das carteleiras do persoal cando se produza unha descompensación entre elas coa finalidade de facer propostas e establecer criterios para que estas sexan homoxéneas e equilibradas, así como as adaptacións concretas, distintas das bandas horarias que se establezan con carácter xeral, en aqueles centros de traballo que polas súas especiais características ou condicións así o aconsellen.
- c) Propostas para a realización dun plan anual de mellora de instalacións.
- d) Análise das posibles incidencias en vacacións e licencias que, como consecuencia da aplicación deste Acordo, puidesen afectar ao Servizo.
- e) Formular propostas en materia de formación e seguridade e elevalas aos órganos correspondentes para a súa aprobación.
- f) Estudo, análise e elaboración de propostas sobre mobilidade xeográfica que puidese necesitar o servizo.
- g) Calquera outra cuestión relacionada co presente acordo.

12. Vixencia e duración do acordo

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terá una vixencia ~~de cinco anos~~ **ata o 31 de decembro de 2026, e prorrogarse anualmente, salvo denuncia deste por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de seis meses á da data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.**

O acordo será negociado na Mesa Sectorial de Funcionarios e aprobado, de ser o caso, na Comisión Superior de Persoal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A Administración realizará as modificacións e actuacións necesarias para que as novas carteleiras derivadas deste Acordo entren en vigor antes da data do 1 de abril de 2024.